

*Non fai falte que ninguén che recorde que este curso quedará para sempre no teu recordo, mais queremos que tamén gardes algún dos bos momentos vividos neste tempo, e que quizais algún día cando penses en compartilo con alguén, o fagas co mellor dos teus sorrisos.*

*Para iso, desde o EDLG (Equipo de Dinamización da Lingua Galega) e o equipo de biblioteca do teu colexio propoñémosche unha actividade moi sinxela e ao mesmo tempo, cremos que moi bonita.*

*Como estamos no mes das letras galegas, seguro que cada aula che ofrece a posibilidade de recordar e homenaxear a figura dalguén que fixo moito pola nosa lingua e a nosa cultura.*

*Este ano é a quenda de Ricardo Carvalho Calero (Ferrol, 1910 - Santiago de Compostela, 1990), gran historiador da nosa lingua, escritor, mestre e lingüista.*

*Pois ben, queremos que ti tamén fagas a túa pequena pero sentida homenaxe tamén, pero esta vez a aquela palabra do galego que máis che gusta, aquela que che trae bos recordos, boas sensacións, que representa algo importante para ti, que simplemente che gusta a súa sonoridade ou que fai referencia a un desexo, ilusión ou fantasía que che gustaría desfrutar algún día.*

*Ademais, queremos que escollas ben, que te pares a pensar un anaco nesa palabra que escollerías porque debes facer un debuxo que trate de amosar todo o importante dela, todo o bonito e valioso desa elección túa. Por suposto podes usar todas as posibilidades e técnicas que teñas na túa casa para que a túa obra saia o máis lucida e sorprendente para todos os que a vexan.*

*Por último unha vez que o teu debuxo estea rematado, con todo o teu esforzo posto nel, deberás gravar nun pequeno audio o nome da túa palabra escollida e facerlle unha foto ao debuxo para enviarlo á túa mestra titora na dirección que cada unha che indique.*

*Recorda, son dous arquivos, un audio coa túa palabra e unha foto do debuxo (arquivo JPG) que deberás entregar como moi tarde o venres 15 de maio.*

*Ah!, xa nos esquecía de contarche que os mestres tamén participamos nesta proposta e unha vez que todos entreguen os seus traballos, montaremos un vídeo conmemorativo para celebrar este ano dun xeito especial as Letras Galegas no noso colexio e poder colgalo na nosa páxina web para que todos e todas o disfruten.*

*Serán unhas Letras Galegas na casa... e no mundo!*

